



PROGRAMA PUNTO DE ENCONTRO “CALOR E CAFÉ”

Xustificación

Dende a creación do Comité Cidadán Anti-Sida de Ourense, e no desenvolvemento do seu traballo con poboación afectada polo VIH/SIDA e drogodependente, exdrogodependente e con problemáticas sociais asociadas a falta ou carencia absoluta de recursos constatamos a necesidade de centros de acollida de asistencia inmediata e atención continuada. Centros de baixo umbral de esixencia, que complementen a atención prestada polos servizos sociais públicos e privados da comunidade. Moitas persoas non teñen un acceso normalizado ós centros ó uso, fogar do transeúnte ou comedor social, que na maioría dos casos non cobren a totalidade das necesidades nin as demandas dos usuarios en áreas de ocio, tempo libre, vivenda, formación laboral, acollemento, etc.

O programa Punto de Encontro “Calor e Café” que realiza o Comité Cidadán Anti-SIDA de Ourense no seu local de Pena Trevinca, no casco antigo da cidade, ofrece teito e café e un lugar de estancia para persoas afectadas polo VIH/SIDA, drogodependentes, traballadoras sexuais, inmigrantes, marxinados e marxinais en xeral. A través da nosa experiencia advertimos a necesidade de manter o programa anteriormente nomeado.

Entre as necesidades detectadas nos usuarios estiveron ademais, da carencia de recursos económico, a falla de formación laboral, a carencia de habilidades sociais, de recursos, etc..

Colectivo de atención

Afectados e infectados polo VIH/SIDA, drogodependentes e exdrogodependentes, traballadoras e traballadores do sexo, inmigrantes, marxinados e persoas en risco de exclusión social.

Descrición e fins do programa.

O programa baseouse dende o seu inicio no ano 2000 nas demandas dos usuarios que solicitaban un espazo adecuado para normalizar, na medida do posible, a situación na que se atopan. Isto deu lugar á creación do programa de punto de encontro “calor e café”. Consiste nun espazo físico no que en un horario de mañá se facilita un desaiuno a todos os que acceden o local, consistente en café, leite, galletas e bollería. Un dos fins que se acadan e a aproximación de persoas con



problemáticas sociais que á vez que veñen desaiunar fan demandas de información que son resoltas polos profesionais da entidade, estas demandas son moi variadas sendo:

- Información sobre peticións de PNC (pensións non contributivas)
- Información sobre peticións de RISGA (renda de integración social de Galicia).
- Información sobre probas de VIH (realízanse no mesmo local con cita previa).
- Información e busca de emprego.
- Información sobre cursos formativos.

Obxectivo Xeral:

- Mellorar a calidade de vida das persoas en situación de exclusión social, creando un contexto espazo-temporal de estancia e descanso, de baixa esixencia.

Obxectivos específicos

- Estableceuse un lugar de referencia ó que acudiron persoas con problemas sociais e/ou sanitarios, relacionados co VIH/SIDA e as drogodependencias.
- Favoreceuse e facilitouse o acercamento dos usuarios a outros servizos sociais ou sanitarios da comunidade.
- Promoveuse a adquisición de hábitos de vida saudables que eviten comportamentos nocivos para a saúde.
- Proporcionaronse medios para unha ocupación produtiva do tempo libre.
- Fomentouse a creación de grupos de autoapoio.

Período de execución. Localización territorial.

O programa Punto de encontro “Calor e Café” levouse a cabo de luns venres en hario de mañá de 09:00 a 12:00. Consistiu na creación dun espazo físico no que as persoas sen teito, sen ocupación laboral e situación de emerxencia social poideron xuntarse e dispoñer ademais dunha área de descanso, un lugar onde se lles ofreceron servizos de información e atención social, psicolóxica, laboral, apoio emocional, ... etc. Levouse a cabo ó longo de todo o ano 2014, na cidade de Ourense.



Número de usuarios directos.

O número de usuarios directos do programa Punto de Encontro “Calor e Café” foi de 197, con unha media diaria de 30 persoas.

Metodoloxía

- 1- Estudio de necesidades e demandas presentadas polo colectivo de persoas en situación de risco social.
 - a. Sondaxe de intereses e inquedanzas do colectivo obxecto de intervención.
 - b. Estudio da cobertura ofrecida por outros servizos sociais e/ou sanitarios públicos ou privados do entorno.
 - c. Recollida de información por medio de cuestionarios, entrevistas individuais, informadores clave...
- 2- Determinación de prioridades, estudio de alternativas e estratexias de intervención.

Planificación de servizos e actividades a realizar no programa:

- a. **Servizos:**
 - Intercambio de xiringas e dispensación de material profiláctico
 - Servizo de biblioteca.
 - Asesoramento, orientación e información sobre servizos e recursos sociais e sanitarios.
 - Coordinación cos servizos sociais e sanitarios da comunidade.
 - Creación de grupos de autoapoio e grupos terapéuticos.
 - Formación sobre hábitos de vida saudables.
 - Actividades lúdicas e culturais.
- b. **Actividades :**
 - Dinámicas de grupo



Seguimento e avaliación previstos para o proxecto:

A avaliación deste proxecto foi formativa e de proceso, cun carácter eminentemente dinámico, avaliando aspectos técnicos, relación co entorno e pertinencia dos obxectivos.

Efectuouse unha retroalimentación constante do programa de actividades e do seu desenvolvemento.

Indicadores de atención: Número de usuarios, características, demandas realizadas.

Indicadores de actividade: Número de atencións, derivacións a outros recursos, uso dos servizos do Programa Punto de encontro.

Indicadores de relación e coordinación con outros recursos: Determinación do número de usuarios conectados con outros recursos, derivacións efectivas, seguimento de casos conxuntamente con outros servizos sociais ou sanitarios.

Instrumentos de recollida de información para realizar a avaliación:

- Memoria anual das actividades realizadas.
- Diario do Programa.
- Rexistro de atencións e actividades.
- Cuestionarios de opinión para medir o grao de satisfacción dos usuarios.
- Observación participante.

AVALIACIÓN

INDICADORES DE AVALIACIÓN	NÚMERO
USUARIOS	197
USUARIOS POR DÍA	30
INDICADORES DE AVALIACIÓN	ACTIVIDADES
Dinámicas de grupo: <ul style="list-style-type: none"> - Dinámicas de autoestima. - Dinámicas para coñecerse. - Dinámicas de consenso. - Dinámicas para cohesionar e fortalecer as relacións de grupo. - Dinámicas de hábitos saudables. 	<ul style="list-style-type: none"> - 3 ó mes. - 1 ó mes. - 3 ó mes. - 2 ó mes. - 3 ó mes.
Derivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Derivación ó fogar do transeúnte: 10 - Derivacións a Área de Asuntos Sociais: 20 - Derivacións ó módulo de drogodependencias: 9 - Derivacións CHOU: 16
Información sobre VIH/SIDA	<ul style="list-style-type: none"> - Información sobre a proba de detección de VIH: 68. - Información sobre medicación VIH/ : 26. - Información sobre recursos asistenciais: 13 - Información sobre recursos económicos: 30.

MEMORIA XERAL

	EFICACIA	EFICIENCIA	PROCESO	IMPACTO
RESULTADOS ALCANZADOS	Nº de usuarios/as afectados que acoden ós locais do Comité. (60 diagnosticados)	Nº de reunións cos servizos sociosanitarios da área sanitaria de Ourense (2 reunións con Cáritas e Servizos Sociais Concello)	Nº usuarios/as con apoio sociofamiliar (18 usuarios contan con apoio familiar, aunque este é mínimo e solo son atendidos en caso de extrema gravidade, ingreso hospitalario ou situación similar)	Nº Derivacións a outros recursos de referencia -Recursos acollemento 4 -Servizos Sociais 12 -Medicina interna 6 -fogar do transeúnte 9
	Nº de obradoiros e grao de participación (12 obradoiros nos que se ocuparon as prazas na súa totalidade, 10 persoas por obradoiro)	Nº de usuarios con adherencia a tratamento na unidade de medicina interna de referencia (25 con seguimento exhaustivo, 12 con un seguimento irregular dado o feito de atoparse en consumo activo de sustancias e 6 que non toman medicación)	Nº de usuarios/as con prestacións e tipo. - PNC 22 - RISGA 11 - PC 5	Ratio usuarios potenciais/usuarios -Usuarios calor e café 197 -Traballadoras Sex. 173 -Outras actividades. 91 (intercambio...etc) Nº de intervencións: 6.750
	Nº demandas, solicitudes de información, queixas... do Colectivo. Descrición da súa tipoloxía (respecto aos tratamentos, sobre prestacións sociais, etc), perfil. -4 recursos de acollida	Nº de usuarios/as que acoden a recursos normalizados por derivación da Asociación. (7 Residentes da Casa de Acollida, 4 derivacións a outros recursos de acollemento)	Nº de reunións e contactos con técnicos de recursos normalizados de referencia. (2)	Nº de noticias con referencia ó programa nos medios de comunicacións (-5 veces durante o ano 2014 nos xornais : País La Voz de Galicia, El Faro, La Región e nas radios locais e televisións locais)
		Número de reunións con responsables de servizos socio-comunitarios (3)	Nº de incorporacións a recursos e servizos formativos e prelaborais (20 no curso que se realizou na asociación da rede traballando en positivo IRPF)	



DESCRIPCIÓN PORMENORIZADA DA INTERVENCIÓN DOS PROFESIONAIS NO PROXECTO

- Agustín González Ferro (psicólogo) a dedicación profesional aos usuarios /beneficiarios do proxecto foi dun 16% do total do traballo anual, o cal supón unha dedicación de 1 hora e 28 minutos diarios ó proxecto, as labores realizadas foron atención e apoio psicolóxico as persoas que o demandaron e as que se considerou necesario polo seu comportamento.
- Elena Rodríguez Pérez (educadora social) a dedicación profesional aos usuarios/beneficiarios do proxecto foi dun 16% do traballo anual, o cal supón unha dedicación de 1 hora e 28 minutos diarios ó proxecto, as labores realizadas foron recollida de información, elaboración de dinámicas e posta en práctica das mesmas.
- Víctor Feijoo Fernández (mediador social) a dedicación profesional aos usuarios/beneficiarios foi dun 25% do total do traballo anual, o cal supón unha dedicación de 2 horas diarias ó proxecto, as labores realizadas foron recollida de alimentos necesarios para o proxecto, recollida de alimentos frescos no banco de alimentos para repartir na sede social da asociación, realización de traslados de pertenzas de usuarios que non dispuñan de recursos económicos para realizar os mesmos, atención ás demandas de persoas con familiares internas no C.P. de Pereiro de Aguiar, colocación e elaboración dos útiles necesarios para o proxecto (galletas, leite, café, etc)
- María Josefa Castro Rodríguez (educadora social) a dedicación profesional aos usuarios/beneficiarios foi dun 25% do total do traballo anual, o cal supón unha dedicación de 2 horas diarias ó proxecto, as labores realizadas foron atención as demandas dos usuarios para mellorar o funcionamento do proxecto, elaboración de dinámicas e posta en práctica das mesmas, derivación a outros recursos, recollida de información, información do funcionamento do proxecto a novos usuarios, derivación a outros recursos, información sobre petición de axudas económicas, reprografiado de documentación necesaria para as petición anteriormente nomeadas, recollida dos útiles necesarios para realizar o proxecto, elaboración da memoria e xustificación da mesma.



Non se fixo un reparto por meses do coste das nóminas, é dicir, unha imputación mes a mes por non ser conscientes de que era necesario. Neste momento o resto das nóminas están imputadas na xustificación de outras subvencións impedindo esto facer a imputación porcentual anteriormente nomeada.

O proxecto supón unha ocupación dun 31% do total do funcionamento da asociación na súa sede social, os profesionais que implementaron e levaron a cabo o mesmo consideran que é un programa necesario para “chegar” ó grupo poboacional que nos ocupa dado que se facilita o acceso á asociación e se traballan dunha forma distendida aspectos que de outro xeito non sería posible traballar como pode ser os hábitos saudables e ocupación do ocio e o tempo libre á vez que se da información/formación de cómo previr enfermidades de transmisión sexual.